



**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E O INSTITUTO ENERXÉTICO
DE GALICIA (INEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE
BIOMASA COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA
OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público formalizou ca Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o instrumento de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o acordo de cooperación ten por obxecto establecer as condicións para potenciar o aforro, a eficiencia enerxética e o uso da biomasa co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura enerxética nos centros pertencentes a administración pública, neste caso trátase do seguinte:

- Executar actuacións en materia de renovables consistentes na instalación de sistemas de xeración térmica a partir de biomasa, nos centros educativos Lois Peña Novo (Vilalba), García Barbón (Verín), O Tomiño (Tomiño) e Castro da Uz (As Pontes).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste acordo de cooperación, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Sinatura electrónica e data na marxe esquerda.

